

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 15 DE SETEMBRO DE 2017

LICENZAS

FAVORABLES

LAP/227/2016.- VALCARCE SANTIAGO, S. L.- Rexeitar as alegacións formuladas e conceder licenza e obras para a instalación dunha estación de servizo e edificación de servizos, tenda-cafetería na rúa Pasteur 21 – 27 (parcela 2).

LAP/302/2016.- PLACIDO MANUEL CASTRO CARBALLAL.- Conceder licenza de obras de legalización de lavado interior de cisternas na rúa Pasteur, 21 – 27.

LIC/389/2015.- FUNDACION LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN.- Conceder licenza para realizar as obras de rehabilitación e posta en valor das edificacións existentes na curtiduría de Pontepedriña de Arriba (Fase II de rehabilitación) incluídas no "Proxecto executivo de restauración, Fase II de rehabilitación e posta en valor das edificacións existentes na curtiduría de Pontepedriña de Arriba en Santiago de Compostela.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao rexeitamento das alegacións formuladas e conceder licenza de obras para a instalación dunha estación de servizo e edificación de servizos, e tenda-cafetería, na rúa Pasteur 21 - 27 (parcela 2). LAP/227/2016. Acórdase rexeitar as alegacións presentadas.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza de obras de legalización de lavado interior de cisternas na rúa Pasteur, 21 - 27. LAP/302/2016. Concédese a licenza.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para realizar as obras de rehabilitación e posta en valor das edificacións existentes na curtiduría de Pontepedriña de Arriba (Fase II de rehabilitación) incluídas no "Proxecto executivo de restauración, Fase II de rehabilitación e posta en valor das edificacións existentes na curtiduría de Pontepedriña de Arriba en Santiago de Compostela". LIC/389/2015. Concédese a licenza.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á adxudicación do contrato de "Servizo de conservación, mantemento e reparación de instalacións térmicas de calefacción e A.Q.S nos edificios dependentes do Concello de Santiago". Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor de IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL por importe de 52.800 euros, IVE aparte.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á autorización da sinatura do acordo de colaboración entre o concello de Santiago, a Asociación de Hostalería e a empresa "Compostela INSERTA", para a recollida de aceite vexetal usado. Acórdase colaborar para a recollida de aceites vexetais usados (de cociña) xerados no termo municipal de Compostela. Tamén se acorda colaborar coa Asociación de Hostalería Compostela para a recollida do aceite vexetal usado que se producen nos establecementos hosteleiros.

7.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración relativa á modificación da relación de postos de traballo que afecta a varios departamentos municipais. Apróbase modificar a Relación de Postos de Traballo nos departamentos de Políticas Sociais, Deportes, Extinción de Incendios e Administración Xeral.

8.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade relativa á corrección de erro no punto nº 17 da sesión de 16.6.17, aprobatorio das bases e convocatoria de subvencións para o fomento de actividades a prol da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero, para 2017. Apróbase a proposta.

9.- Proposta da concelleira delegada substituta de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos relativa á dación de conta da xustificación dunha subvención concedida pola Consellería de Política Social de Xunta de Galicia. Dáse conta da xustificación da subvención concedida por un importe total de 102.936,33 euros.

10.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde dando conta da aprobación do pagamento da subvención para o programa de escola de saúde e envellecemento activo 2016. Dáse conta.

11.- Propostas da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo dando conta da sinatura de convenios de carácter social. Dáse conta da sinatura de tres convenios coa Asociación de Persoas Xordas de Compostela, co Ilustre Colexio de Avogados de Santiago, coa Asociación para a Promoción Social e a Inserción Laboral (Plataforma polo Emprego), a Fundación USC Deportiva e Cáritas Diocesana.

URXENCIAS

1.- Informe de Cultura para dar conta da concesión dunha subvención da Deputación Provincial da Coruña para contratar un técnico de Xestión Cultural. Dáse conta.

2.- Proposta do Alcalde e Presidente do Consello de Administración de Incolsa á Xunta de Goberno Local relativa á contratación, pola Sociedade Municipal Información e Comunicación Local S.A., dunha operación de tesourería a prazo de 12 meses e por importe de 670.000 euros. Acórdase iniciar o expediente para a contratación desta operación de tesourería para garantir que a sociedade poida atender en prazo os compromisos de pago derivados do exercicio da súa actividade. Apróbase o prego e a petición de ofertas ás entidades bancarias.

3.- Proxecto de “Mellora da instalación do alumeado público nos accesos a Santiago (Fase II). Apróbase o proxecto que suporá a renovación de 591 luminarias na rúa Clara Campoamor, Hórreo, Avenida de Lugo, Gonzalo Torrente Ballester e Avenida Camilo José Cela que suporá un aforro de 58.716 euros ao ano e de 598 luminarias na Avenida Santiago de Cuba, Virxe de Fátima, estrada de Ourense, Costa de San Marcos e SC-21, cun aforro anual de 49.184 euros.

4.- Proposta relativa á modificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, de data 1 de setembro de 2017, relativo á distribución orzamentaria do proxecto Plan de Emprego de Integración Profesional “Mocidade con emprego”. Apróbase a proposta de modificación.

5. - Proposta de modificación do acordo adoptado pola Xunta de goberno Local, de data 1 de setembro de 2017, relativo á creación do proxecto e a dispoñibilidade dos créditos afectados nos importes da subvención concedida do programa, Obradoiro de Emprego “Ecotur Xuvenil III”. Apróbase a proposta de modificación

6. - Aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación de “Subministro e instalación de elementos novos para a remodelación da área de xogos infantís do parque Pablo Iglesias”. Acórdase abrir o procedemento para a adxudicación do proxecto, cun importe de licitación de 65.900 euros, IVE aparte. O contrato, unha vez adxudicado, terá un prazo de execución de 3 meses.

7. - Urbanización do entorno do edificio CEBEGA (parcela EU-7) Campus Sur. Acórdase conceder á Universidade de Santiago licenza para realizar as obras de urbanización do entorno do edificio CEBEGA, sito na rúa Antonio Rama Seoane, cun orzamento de execución de 194.996,28 euros para a Fase I e de 113.313,88 para a Fase II.

8.- Aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación de “Subministro de instalacións eléctricas temporais para alumeados festivos das rúas, prazas e espazos públicos do Casco Histórico, Ensanche e parroquias de Santiago de Compostela durante as festas de Nadal 2017 e Nadal 2018. Acórdase abrir o procedemento para a adxudicación do alumeado de Nadal para os dous vindeiros anos establecendo un tipo de licitación de 167.600 euros, IVE aparte.